



BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS “ENTROIDO BAIONA 2013”

PRIMEIRA.- A inscrición para participar, deberá facerse nas oficiñas do Concello dende o martes 15 de xaneiro ata o venres 8 de febreiro de 2013, en horario de 9:00h-13:30h.

SEGUNDA.- As comparsas participantes, deberán estar integradas por un mínimo de 8 persoas.

TERCEIRA.- Os premios establecidos son os seguintes:

1º PREMIO	900 EUROS
2º PREMIO	650 EUROS
3º PREMIO	500 EUROS

Entre as demáis comparsas participantes, repartiránse os seguintes premios:

- De 81 a 100 compoñentes 500 euros por participar.
- De 61 a 80 compoñentes 400 euros por participar.
- De 41 a 60 compoñentes 300 euros por participar.
- De 21 a 40 compoñentes 200 euros por participar.
- De 12 a 20 compoñentes 100 euros por participar.

CUARTA.- Para optar ós premios, as comparsas deberán desenrolar o seguinte programa:

- a) Participar no desfile organizado o martes 12 de febreiro de 2013.
- b) Tódalas comparsas participantes deberán aportar obrigatoriamente su música en CD .
- c) Realizar unha exhibición de 5 a 10 minutos ante o xurado.
- d) Participar no enterro da sardiña que terá lugar o día mércores 13 de febreiro ás 19,00 horas desde a Praza do Concello ata a Praia Ribeira.

QUINTA.- As comparsas concentraranse antes das 16:30 horas do martes 12 de febreiro nás inmediacións da praia de Santa Marta, comezando a esa hora o desfile polas rúas da Vila, para rematar na entrada ao Parador de Baiona onde o xurado deliberará e acto seguido entregaránse os premios.

SEXTA.- O Xurado estará integrado por persoas do mundo da cultura, deporte, música, letras, etc., designadas polo Concello. O xurado poderá declarar premios desertos en caso de non reunir uns mínimos de calidade esixidos.

SÉPTIMA.- Valoraránse entroutos os seguintes aspectos:

- a) Disfraces, máscaras, maquillaxes, etc, axeitados ó motivo que representen.
- b) Orixinalidade, inxenio, caracterización, instrumentalización, etc.
- c) Actitude no desfile acorde co motivo na exhibición.
- d) Calidade e creatividade na exhibición.
- e) Número de compoñentes da comparsa.

Baiona, xaneiro de 2013